



CARME

Febreiro 2005 10 Intres

Carme ten 45 anos, leva 20 separada e ten dous fillos maiores que traballan na construción. Dicar que Carme traballa día e noite non é en sentido figurado, senón en sentido real. Comeza o seu traballo ás nove e media da mañá como asistente nunha aldea próxima, á que chega andando dende a súa casa. Sae de limpar unha casa que non é a súa ás dúas do mediodía e vai directa ó bar familiar, no que traballan o seu pai e a súa irmá. Alí bota unha man coas comidas e despois de recoller o máis gordo consegue sentarse a comer ás catro e media ou cinco da tarde. Non pode pararse moito, pois aínda ten que pasar pola casa a facer algunhas cousas: recoller a roupa, pasar unha escoba, pasar o ferro ás camisas do pai e dos fillos. Arránxase un pouco e colle o autobús para o hospital, onde está ingresada a súa nai eivada. Tampouco pode pasar moito tempo alí, pois ten que coller outro autobús ó centro de Vigo para pasar a noite cunha señora maior. Pola mañá colle o bus de novo para volver á súa aldea, pasa pola casa a cambiarse e comeza outra xornada.

Carme non conduce, aínda que o fixese non podería ter coche. Carme anda soa por pistas e camiños, ás veces ve xente que non lle gusta nada e ten medo.

Carme libra só os sábados de ir durmir a Vigo, e aproveita para durmir con Basilio, o seu mozo. Anque pareza increíble, aínda lle quedaba tempo para ligar, iso si, no traballo, pois coñecéronse no bar. Daquela, Basilio, dez anos máis novo que ela, tentaba escapar da heroína, ela íalle pola metadona e el axudábaa a subir a cadeira de rodas da súa nai. Carme acabou encariñándose con el, que conseguiu saír das drogas e volveu a traballar a terra.

Un xoves pola mañá do mes de setembro, Carme chega de Vigo, coma sempre, no autobús das

nove. Pasa pola casa para poñer un mandilón e sae para traballar polas pistas do Val Miñor. Ás dúas e media da tarde Carme non dá chegado ó bar e iso que hoxe hai máis xente a xantar; se cadra foi antes ó hospital a ver a nai, pensan seu pai e súa irmá, que non dan abasto coas comidas. Ás seis da tarde na casa de Carme a roupa está sen tender e a vasoira sen pasar, isto xa non ten xeito! algo tivo que pasarlle a Carme.

Gabriel e Manuel, os seus fillos, póñense a busca e avisan á policía. Ás dúas da mañá atópana no bosque da Rabadeira, morta, cunha ferida na cabeza e con sinais de violación. Basilio e os seus fillos están esnaquizados. Ninguén pode explicar o que pasou, ela xa non tiña relación ningunha co seu ex-marido, era unha boa rapaza e traballadora, non anda exhibíndose por aí, vestía coma os da aldea sen chamar a atención. “¿Quen vai coidar agora da súa nai?” láíase o seu pai.

A Carme matárona antes de tempo, antes de que puidera terminar o seu traballo. Quen primeiro a botou de menos foron os pratos sen lavar, a roupa sen tender, a vasoira sen pasar... e agora marcha deste mundo sen deixar atendida a súa nai.

A historia de Carme é a historia de miles de mulleres

anónimas que co seu traballo sen fin permítennos ós outros facer cousas máis vistosas e mellor pagadas. É a historia de milleiros de mulleres que pasan a súa vida na retagarda, cociñando, lavando, coidando... e só son noticia cando morren, cando as matan. Cando as matan precisamente por ser mulleres.

Unha muller da retagarda.

